

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

O Concello de Boiro convoca proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/ha técnico/a superior de animación sociocultural a media xornada.

A presentación de solicitudes realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Boiro ata o 22/08/2017 ás 13:30 horas.

Tanto as bases como a instancia de solicitude desta convocatoria están a disposición dos interesados na Portería da Casa Consistorial e na páxina web [www.boiro.org](http://www.boiro.org)

Boiro, 11 de agosto de 2017

O alcalde,

Asdo.: Juan José Dieste Ortigueira



Teléfonos:  
981849960  
981844800  
Fax: 981844008

N.º R.E.L 01150119



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo-e: [correo@boiro.org](mailto:correo@boiro.org)  
páxina web: [www.boiro.org](http://www.boiro.org)

Páxina:1/5

## CONCELLO DE BOIRO

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

VISTA a Resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO206: CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO EN XESTIÓN CULTURAL E/OU ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL, DURANTE O ANO 2017 (BOP 03/07/2017) no que se lle concede ó Concello de Boiro unha subvención por un importe de 7.000 euros para a contratación dun/ha animador/a sociocultural.

Tendo en conta as directrices establecidas no art. 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

CONSIDERANDO as atribucións conferidas polo artigo 21.1. g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril,

Visto canto antecede RESOLVO:

Primeiro:- Que se proceda á selección dun/ha animador/a sociocultural con carácter laboral temporal a media xornada.

Segundo:- Para darlle publicidade a este proceso de selección, insertarase un anuncio nun dos diarios de maior tirada de Galicia e exporase un anuncio na páxina WEB do concello, no taboleiro municipal de anuncios e en todos aqueles lugares onde se considere oportuno.

Terceiro:- LEXISLACIÓN APLICABLE.

En canto a regulación das condicións do contrato laboral temporal estarase ó disposto no Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro e resto de disposicións normativas aplicables a esta materia.

Cuarto:- A selección deste persoal rexerese en todo caso polas bases ás que neste intre se lles presta aprobación.

**BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN TÉCNICO SUPERIOR DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL A MEDIA XORNADA.**

1º.-OBXECTO:

A regulación do procedemento para a cobertura con carácter laboral temporal dun posto de técnico/a de animación sociocultural a media xornada dentro do Programa FO206: CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO EN XESTIÓN CULTURAL E/OU ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL, DURANTE O ANO 2017 (BOP 03/07/2017)

2º.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN: O contrato de traballo formalizarase baixo a modalidade contractual laboral temporal por obra ou servizo a media xornada ó abeiro do Real Decreto 2720/1998 de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de duración determinada.

3º.- SISTEMA DE ACCESO: concurso - oposición libre.

4º.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS.

Para poder tomar parte no proceso selectivo será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos segundo o establecido no artigo 56 do RDLex. 5/2015 texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público:

A) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

B) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder de aquela para a xubilación forzosa por idade.

C) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.

A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ó día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, caso de ser seleccionado.

D) Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar co concello de Boiro.

E) Non ser despedido mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos.

F) Deberán acreditar estar en posesión do título oficial de formación profesional de técnico superior en Animación Sociocultural ou equivalente expedido polo Estado Español ou debidamente homologado. As equivalencias dos títulos alegados que non teñan carácter xeral, deberán xustificarse polo/a interesado/a. Igualmente, no caso das titulacións obtidas no estranxeiro deberanse estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

G) Estar en posesión de diploma ou certificado que acredite o CELGA 4 do idioma galego.

#### 5º.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Os aspirantes que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias dirixidas ó señor Alcalde-Presidente no Rexistro Xeral do Concello de Boiro en horario de atención ó público durante o prazo de cinco días hábiles a partir do seguinte ao de publicación do anuncio de convocatoria no diario correspondente. No caso de ser presentadas por correo ou noutros rexistros, e a efectos de poder realizar o seu seguimento, as persoas solicitantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada mediante algunha das seguintes opcións:

1.- Por fax dentro deste prazo (nº de fax 981.84.40.08)

2.- Correo electrónico dirixido a [personal@boiro.org](mailto:personal@boiro.org)

As instancias irán acompañadas da seguinte documentación (copias cotexadas ou orixinais):

- DNI.
- Certificado que acredite, como mínimo, CELGA 4 ou equivalente.
- Titulación.
- Documentación relativa á fase de valoración de méritos.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

#### 6º.- SELECCIÓN DE ASPIRANTES:

##### 6.1 OPOSICIÓN:

A fase de oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios obrigatorios e de carácter eliminatorio:

Primeiro exercicio: Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con 3 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal sobre o temario que se detalla neste apartado. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de trinta minutos para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 2 puntos, sendo preciso acadar 1 punto como mínimo, para supera-la proba e poder realizar así o segundo exercicio, correspondendo ó tribunal determinar cal é o número de preguntas acertadas para acadar esta puntuación mínima, que non ten por qué corresponderse necesariamente co 50% das preguntas acertadas e para o que se terá en conta que as respostas incorrectas non restarán puntuación.

Teléfonos:  
981849960  
981844800  
Fax: 981844008

N.º R.E.L 01150119



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo-e: [correo@boiro.org](mailto:correo@boiro.org)  
páxina web: [www.boiro.org](http://www.boiro.org)

Páxina:3/5

## CONCELLO DE BOIRO

Segundo exercicio: Un suposto práctico de deseño dunha proposta libre de intervención sociocultural no concello. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

Posteriormente cada candidato lerá e exporá o seu exercicio ante os membros do tribunal, podendo estes formularlle preguntas relativas ó mesmo.

O exercicio puntuarase de 0 a 5 puntos. Serán eliminados os/as aspirantes que non superen o 2,5

### TEMARIO:

1. Infraestructuras culturais do Concello de Boiro: instalacións, espazos, equipamentos.
2. Diagnose do tecido cultural do Concello de Boiro e estratexias de estimulación dende os espazos públicos.
3. Ferramentas de xeración de públicos dende a animación sociocultural.
4. Accións de democracia cultural dende a animación sociocultural.
5. Canles de comunicación dende os espazos públicos ca cidadanía.
6. Propostas de estimulación cultural dende a animación sociocultural.

### 6.2 VALORACIÓN DE MÉRITOS

Unha vez realizada a fase de oposición procederase á valoración de méritos unicamente ós aspirantes que pasaran a fase de oposición da forma que segue:

- 1) Titulación universitaria. Máximo un punto.

Titulación Universitaria a maiores da titulación requirida no punto 4º destas bases: Humanidades, Socioloxía, Historia, Belas Artes, Pedagogía e/ou Filoloxía, valorarase cun punto.

- 2) Formación específica. Máximo 1 punto.

Valoraranse os cursos debidamente acreditados e homologados, relacionados coas materias obxecto desta convocatoria, impartidos polas administracións públicas ou polas institucións e entidades autorizadas a razón de:

- De 20 a 59 horas: 0,10 punto/curso
- De 60 a 99 horas: 0,20 puntos/curso
- De 100 a 149 horas: 0,5 puntos/curso
- De 150 ou mais: 1 punto/curso

Neste apartado inclúense os cursos de Técnicos Superiores e/ou Másters impartidos polas universidades públicas.

Os cursos sobre ofimática puntuarase segundo o anterior apartado e cun tope máximo de 0,25 puntos.

Non se valorará ningún curso cuxa materia este comprendida dentro do temario doutro curso de máis horas presentado polo mesmo solicitante.

- 3) Experiencia profesional.- Máximo 1 punto.

Valoraranse o coñecemento e a experiencia na planificación, deseño e/ou desenvolvemento práctico de actividades de animación e dinamización social e comunitaria no sector público, asociativo e/ou privado nas relacións laborais por conta allea e/ou por conta propia. Teranse en conta aquelas relacionadas directamente cos campos de igualdade de xénero, o traballo socioeducativo e a dinamización do territorio.

A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a razón de 0.01 punto/mes a xornada completa ata un máximo dun punto. As contratacións a tempo parcial prorratearanse segundo corresponda e o resto de días soltos sumarán meses se alcanzan o número de 30.

. Os méritos alegados polos/as aspirantes na función pública haberán de acreditarse mediante certificación expedida pola Administración competente coa expresión do posto desempeñado.

. No suposto de servizos prestados no sector privado deberá achegarse informe de vida laboral e contrato de traballo. En caso de contradición entre contrato de traballo e informe de vida laboral en canto á categoría laboral, estarase á definición que figure no contrato laboral.

. No caso de servizos prestados por conta propia deberán vir avalados mediante a documentación que os acredite como autónomos/as.

#### 7º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

Estará formado por un Presidente e un secretario e por tres vogais designados pola Alcaldía na mesma Resolución pola que se aproba a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos. Todos os vogais deberán posuír nivel de titulación igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

Este tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e do Secretario.

Este tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer-la incorporación ó mesmo de Técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

#### 8º.- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS:

A resolución da Alcaldía aprobatoria da lista definitiva de candidatos admitidos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, fixará tamén a data, hora e lugar na que deberá constituírse o tribunal, así como data, hora e lugar para o comezo das probas selectivas.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos aportados dentro do prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fora de prazo.

As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI, documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo tribunal.

Por non ser obrigatoria a súa publicación, os anuncios de celebración das sucesivas probas ou exercicios, se iso procedese, con indicación do lugar e hora en que tivesen lugar, exporanse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, ó menos con 48 horas de antelación.

#### 9.- FORMALIZACIÓN DA PROPOSTA DE CONTRATACIÓN:

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtivese a maior puntuación total final (suma de puntuación obtida na fase de oposición e a de concurso). Asemade establecerase unha listaxe de candidatos suplentes por orde decrecente da puntuación total obtida.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

- Mellor puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición.
- Mellor puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición.

Teléfonos:  
981849960  
981844800  
Fax: 981844008

N.º R.E.L 01150119



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo-e: [correo@boiro.org](mailto:correo@boiro.org)  
páxina web: [www.boiro.org](http://www.boiro.org)

Páxina:5/5

## CONCELLO DE BOIRO

De persisti-lo empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

### 10.- NORMAS FINAIS:

Primeira: O tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non estea prevista nestas bases.

Segunda: Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente de aplicación.

Terceira: Agás a convocatoria (que se publicará segundo se establece no apartado segundo desta resolución), os sucesivos actos e comunicación que se deriven da celebración deste proceso faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Cuarta: Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Quinta: Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Boiro, na data que se indica ao marxe, na sinatura dixital.

Don Juan José Dieste Ortigueira alcalde do Concello de Boiro

Don Severino Abalo Chouza, secretario accidental do Concello de Boiro